



CIRCULAR 60-2019

PRE-INSCRIPCIÓN VI CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB14 POR EQUIPOS

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Con vistas a confirmación da participación de equipos galegos no VI Campionato de España Sub 14 por equipos a celebrar os vindeiros 15 e 16 de Xuño en Ciudad Real, solicítase a todos os equipos participantes que manifesten o seu interese enviando un mail a direcciontecnica@atletismo.gal e realicen estadillo na intranet <https://isis.rfea.es/sirfea2/> con data límite o día 21 de maio ás 20h.

O estadillo realizarase segundo as normas técnicas da competición (ver regulamentación do Campionato de España Sub14 por equipos - [Ligazón](#)). Os rexistros deberán ser conseguidos en probas oficiais e estar homologados, con marcas da tempada actual 2018-2019.

- Cada equipo estará formado por 8 atletas
- Cada atleta deberá realizar dúas probas (1 carreira e un concurso) e 5 de eles realizarán o relevo 5x80.
- Cada proba individual será realizada por dous atletas de cada equipo.
- Un participante só poderá ser inscrito por un equipo

As probas a celebrar divídense en tres grupos e relevo:

Carreiras: 80m, 1000m, 80mv e 2000 marcha
Saltos: Altura e lonxitude
Lanzamentos: Peso e xavelina
Relevos: 5x 80m

*o relevo non formará parte do estadillo

* para a proba da marcha admitiranse rexistros de 3000marcha

A Coruña, 8 de maio de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo